

CRITERIOS DE TRANSCRIPCIÓN

1. Mantemos as liñas e os sangrados orixinais.
2. Mantemos as abreviaturas dos nomes das personaxes, non sempre iguais.
3. O cambio de páxina, co seu número, vai marcado entre ángulos (<>). Dado que o texto está impreso a dúas columnas, marcáremos como <a> a da esquerda e como a da dereita. Por exemplo: <1a>.
4. O símbolo de nasalidade (˜) é utilizado no texto orixinal como abreviatura en versos demasiado longos para a columna. Aparece por exemplo en “cõpadre”. Desenvolverémolos entre corchetes: “co[m]padre”.
5. Os signos ou letras repostos serano tamén entre corchetes pero con letra cursiva: “unha guerra d[o]s Diabros?”.
6. A letra “f” é substituída en tódolos contextos por “s”.
7. Respectamos a lóxica orixinal dos signos de puntuación e só corriximos aqueles erros evidentes en que aparece coma cando é punto ou viceversa.
8. Mantemos a acentuación, co acento grave, e a separación entre palabras orixinais.
9. Omitimos as palabras que marcan o cambio de páxina.

Edición paleográfica de Anxo Angueira en: *A Trabe de Ouro*, nº 108 (2018).

<1>ENTREMES GALLEGO,
QUE COMPUSO SALVADOR FRANCISCO ROEL,

Natural de la Coruña,

AL FELIZ Y REAL PARTO DE NUESTRA REYNA,

(que Dios guarde) luego que llegó la noticia.

Sacalo aora à luz un Amigo de el Autor. Con licencia: En
Santiago: Por Jacinto del Canto, en la Imprenta del Doctor
Don Benito Antonio Frayz.

PERSONAS

10	<i>Afonso.</i>	<i>Cathaliña.</i>
	<i>Christobo.</i>	<i>Irena.</i>
	<i>Alberte.</i>	<i>Marta.</i>

<1a> *Salen Afonso y Christobo.*

15 *Afons.* Ben venido meu compadre
sexàs vòs muy ben chegado:
a comadre como queda?
Christobo: Queda o boso mandado,
moy ben forte e moy ben reja.
20 *Afon.* E como està o afillado?
Christ. Esse jà quer ir a Escola,
pero porque non tèn sayo
està decote na Eyra
para escorrentar o Gando.
25 *Afon.* Pois esso non e ben feyto,
porque e vivo coma vn allo,

<1b> fino coma vnha pimenta,
e se quer ser Lecenceado
an que venda os bois do jugo
lle teño de dar estado.

30 *Christ.* Vivàs moito meu co[m]padre,
Deus bos garde moytos anos,
que sempre quijestes ben
à todos os afillados.

35 *Afon.* Eu polo menos Christobo
os que son ben incrinados,
querolles polo vivir,
e mais ei de ver ogano
se o podo por na Escola.

40 <2a> *Christ.* Tendesme moy obrigado,
Afonso Deus bolo pague,
porque eu non podoo pagalo.

Afons. Deceme agora Christobo
vos oistes contar algo
do Parto da nosa Reyna?

45 *Christ.* Si meu compadre chegaron
as nobas estoutro dia,
que a todo o mundo alegraron,
e nas festas que lle fan
se gastan moy bos ducados.

50 *Afons.* Pois por esoo esta mañàn
eu quijen mandar chamarbos,
que quero que me contès
todo como foy de prano.

55 *Christ.* Eu direybolo o que sei
da forma que mo contaron.

Sale Alberte muy assustado.

60 *Albert.* Homes que facès aqui?
Como estades tan parados?
Non sabès que o Portugues
(que de rabia està bramando)
quer poñer a nosa terra
vnha guerra d[o]s Diabros?

Afons. Ou Alberte que decès

65 mas nobas e màs mandados
veñan del, que tal percura,
e pois esse desdichado
agora que busca acò,
seique non està enfadado
dandar alò por Castilla
70 adonde lebou seu pago,
ay nunca che el acò chegue.

Alb. Homes no ay q[ue] descuydarnos
vamos prevenir os chuzos,
<2b> os alcabuces e frascos;
75 porque vn home prevenido
jà sabès que val por catro.

Christ. Alberte quen contou esoo,
que sei que vos enganaron.

80 *Alb.* Tratà de calar Christobo,
que mo dijo o Sagretario,
e por mais sinas me dou
vn polbo do teu tabaco.

Afons. Pois decenos como foi,
e mentres vamos tomando
85 tamèn, todos tres vn polbo
jà que fostes regalado.

Alb. Dareybos do que me dou
que o ten moy estimado.

90 *Afons.* Iasus que tabaco forte!
valvos cada pinga vn carto.

Christ. Ay Alberte este he da Vila.

Alb. Si tuberamos entrambos
cinco libras, fora ben:
mais como bos bou contando
95 falando dos Portugueses
eu a mais o Sagretario
dijo, que estaban cruès,
e que estaban desejando
darnos vunha quentadura,
100 porque en Almanza quedaron
todos tristes coma a noyte,
perdidos e derreados;
e non podía ser menos,

105 que como estàn tan inchados,
 imaginan que ha de ser
 entre todos levantados,
 mais fan coma Lusafel,
 que sempre quedan debaixo.
Afonso. Alberte tendes razon,
 110 <3a> que todos son us cuytados
 non teñen abilidadade
 se non para andar tocando
 vn Rebeque pola Vila
 co seu Espadin o lado
 115 e mais para comer Dulces.
Alb. Pois como bos bou conta[n]do,
 diz que alò por Monte-Rey
 todos postos en seus Facos,
 quijeron entrar acò;
 120 pero que estaban tembrando,
 que lles quentasen o lombo
 e por esso non entraron
 astra vèr si pode ser.
Afonso. Alberte falemos craros
 125 nosoutros temos a culpa,
 que se foramos armados
 con aguilladas e chuzos
 ouberàmos de botalos
 alò para en cas de Iudas.
 130 *Alb.* Esso si, mais non estamos
 no[s]outros nas armas destros.
Afonso. Non importa, q[ue] en tal caso
 tirando sen reparar
 moitas veces acertamos,
 135 e mais calquera Gallego
 con duas lizòs, ou catro
 acerta moy lindamente.
Christ. Vòs sabès o que eu reparo,
 segun o que me dijeron,
 140 que os Gallegos apertados
 fanbos, nin quitar nin pòr
 coma se fora vn Boy manso,
 que mentres que no no apertan

està moy asosegado;
 145 pero despois que o pican
 <3b> non se vè Touro mais brabo.
Afonso. En esso decès moy bèn,
 que jà teño reparado
 moytas vezes esso mesmo.
 150 *Alb.* Eu polo menos o fago.
Christ. E todos gerenalmente.
Afonso. E pois en maldito canto
 bos reparo en cortesias
 an que seja cos Fidalgos.
 155 *Christ.* Alberte dame outro polbo;
 que eu che darey outro tanto.
Afonso. Emais diz ben meu co[m]padre.
Alb. Mentres dure ide tomando.
Christ. Vallanos Deus que[n] nos dera
 160 a todos tres nun Estanco
 sinque nos vira ninguèn,
 que estonzes foles e sacos
 ouberamos de encher dèl,
 para tomar todo o ano.
 165 *Afonso.* Polo menos este e bò.
Alb. E tabaco de regalo;
 pero volvamos o conto.
Afonso. Esso non, vamos falando
 do Parto da nosa Reyna,
 170 que Deus garde moytos anos.
Alb. E logo ja pareu?
Christ. Home si, que jà chegaron
 as nobas estoutro dia.
Alb. Iasus! de contento salto.
 175 *Afonso.* Pois por esso os Portugueses
 andan tan amofinados.
Alb. E bos verdà meu Afonso,
 fio do Señor Santiago,
 que ha de beyjar a correa
 180 todos esses rebelados,
 e que ha de lebar palliza
 <4a> como en Alamanza lebaron.
Afonso. Deyjà que o noso Felipe

lles amaynarà os inchasos.
 185 *Christ.* Emais agora, que todos
 tan contentos nos achamos
 con nobedades tan boas.
Afons. Bay Christobo, bay co[n]ta[n]do.
Christ. E pois como iba decendo,
 190 as nobas que já mandaron
 foron, que pareu à Reyna
 vn Miniño moy galano,
 bonito coma vnhas pierlas,
 e coma vnhas neves branco;
 195 conque já temos agora
 vn Principe moy Sobrano,
 que ha de ser en defendernos
 contra o Portuges vn Rayo.
Alb. Agora si, que podemos
 200 chamarnos afertunados,
 pois que toda España goza
 vn fabor tan desejado.
Afons. Agora si, que estaràn
 os ladròs dos Luteranos,
 205 todos cubertos de loyto
 polos seus negros pecados.
Christ. Agora si, que andaràn
 os Mofinos desdichados
 sen Espadin nin Rebeque,
 210 tristes cos brazos cruzados.
Alb. Agora si, que andaremos
 os Gallegos alentados
 pois que Deus nos alumbrou
 en darnos o seu amparo.
 215

Salen Irena, Marta, y Cathalina muy
 apresuradas, y dizen.

<4b> *Todas 3.* Afonso, Alberte, Christobo?
 220 *Los 3.* Marta, Cathaliña, Irena?
Las 3. Donde estades destas horas?
Los 3. Donde vindes con tal presa?
Cath. Vimos para bos contar

o que ay de nobo na Aldea.
 225 *Afons.* E que ay à lò Cathaliña,
 veu algunha noba fresca?
Cath. Chegou agora a noticia
 que pareu a nosa Reyna,
 e todo o Lugar se abrasa
 230 con regosijos e festas,
 e por esso nos viñèmos
 todas juntas a carreyra,
 para que tamèn vosoutros
 assistades nesta festa.
 235 *Afons.* Decès moy ben miña Dona,
 que vnha noba coma essa
 e justo que os Españoles
 a festejen pola terra;
 porque já che ay grandes anos,
 240 que moyto se che deseja.
Mart. Vallanos Deus meu co[m]padre
 se eu forà sua Parteyra
 e estubera à lò en Madril,
 que tantos dobròs me deran?
 245 *Irena.* E se eu fora sua Ama,
 que de regalos comera
 e mais avia dandar
 metida nunha Liteyra.
Afons. Mulleres tende juizo,
 250 non se jades paroleyras.
Christ. Ay Afonso meu compadre
 se fora dessa maneyra
 non tiñamos grande sorte?
Afons. El mal non bos estubera;
 255 <5a> pero digobos, que vos
 non nacestes nessa estrela.
Cath. Ora de que serà o Brullo?
Irena. De bò tafetan de seda.
Marta. Non serà sen non de raso.
 260 *Cath.* Ainda non destes na teima,
 serà de teas Dolanda.
Iren. Non quer cousas dessa terra.
Marta. Pois serà de Alemanisco.

- 265 *Irena.* Tampouco quer dessas teas.
Afons. Valla ma Virgen mulleres
 non calarès essas lengoas.
Cath. Deyjanos en paz Afonso,
 que quen pregunta non erra.
 270 *Afons.* Cathaliña decès ben
 cando a pregunta ne necia.
Cath. Pois que bos parece a vos,
 se miña comadre Irena
 oje chegara a ser Ama
 do noso Rey, non fijera,
 275 que a todos os seus compadres
 lles mandasse moytas rendas?
Irena. Emais que estubessen libres
 de trabucos e de lebas,
 e que noubesse pillaje
 280 coa nosa parentela.
Afons. Ià bos digo que vosoutros
 non nacestes nessa estrela,
 e assi tratà de calar.
Cath. Pois vamonos logo a festa.
 285 *Afonso.* Non que agora todas tres
 podès ir pola merenda,
 e traguede de camiño
 o pandeyro e as ferreñas,
 e pois, que estamos aqui,
 290 aqui faremos à festa.
 <5b> *Christ.* Afonso tendes razon.
Alb. Pois id e vinde a carreyra.

Vanse las mugeres.

- 295 *Afons.* Que vos parece compadre
 estas mulleres tolean?
Christ. Meu compadre todavia
 non digamos mal da feyra,
 que non se pode acabar
 aquilo que non se empeza:
 300 elas se foran Siñoras,
 e tal fertuna tuberan,

- grande sorte nos cobria.
Afons. Ay non quebrès a cabeza,
 tratà, tratà de calar
 305 mentres que a merenda chega.
Christ. Pois tomemos outro polbo.
Afons. Esso si, que a nosa Reyna
 tèn Siñoras principàs
 para Amas e Parteyras.
 310 *Alb.* Quita da pranta do pè
 este tabaco a brasfema.
Christ. E que tamen o fay bò
 esta vosa tabaqueyra.
Afons. Troquèmos ambos co[m]padre.
 315 *Alb.* Compadre se bos contenta
 non e menester trocar,
 tomad e servibos dela,
 que se fora douro ou prata
 con mais gusto bo la dera.
 320
*Salen las mugeres con pandero, y sonajas, y vna
 cesta con la merienda.*
Cath. O ra ben aqui vèn todo
 <6a> moy ben composto na cesta,
 tratemos de merendar
 325 e despois fagamos festa.
Afons. Ponda messa Cathaliña.
Christ. Sacad essa bota Irena.
Alb. Sacà Marta esse pernil.
Cath. Homes tende pouca pressa,
 330 que para todo ay bagar.
Alb. Ay vamos poñendo a messa.
Christ. Bebamos pirmeyro vn trago
Alb. Adonde està a tembradeyra?
Cath. Tomà, tomà miña Virgen,
 335 que si a sede vos aperta.
Afons. Mentres tended as toallas,
 que verès como nos presta.

Ponese la messa, vàn bebiendo, conforme

dizen los versos.

- 340 *Alb.* Afonso probà este viño.
Afons. A miña comadre Irena.
Irena. Despois de vos meu co[m]padre.
Afons. Non sejàs comprementeyra.
Irena. Và pola vosa saùde.
 345 *Afons.* As mulleres son permeyras.
Irena. Parece que e moy bò viño.
Alb. E bos viño da Ribeyra.
 Tomà bebè Cathaliña.
Cath. Alberte Deus cho receba
 350 *Alb.* Moy bon porbeito bos faga,
 tomà Marta essa goteyra.
Marta. Ay meu Dono todavia
 lembraste da tua bella,
 vaya a saude de to[d]os.
 355 *Alb.* Despacha que teño pressa,
 Afonso tomad agora.
 <6b>*Afons.* Veña meu Alberte veña.
Alb. Ora despachà mulleres,
 acabà de pòr a messa.
 360 *Afons.* Este e bò trago de viño.
Alb. Pois esto e o millor da festa,
 ora probà vos Christobo.
Christ. Da vosa mao bieiteyra
 beberey, brindo por todos.
 365 *Alb.* Acabàs co essa merenda?
Cath. Ià bos podès assentar.
Alb. Deyjame probar si quera
 vnha gota a min tamen.
Marta. Pois tendela vara e besta
 370 quen bos quita que bebàs?
Alb. Ay Iasus como me presta.
Afons. Ora partan o pernil.

Aquí se sientan.

- 375 *Alb.* E mais tenbos boa freba.
Christ. Eu cortarey o molete.

- Cath.* Tomà vos essa rigeifa,
 porque tamen e pantrigo.
Alb. Ora vàn comendo e beban.
Afons. Pois bay bota[n]do Albertiño.
 380 *Alb.* E esso si que me contenta.
Afons. Eu brindo po la saude
 da nosa Señora Reyna
Christ. Eu brindo po lo Infante,
 que Deus lle dè moytas medras.
 385 *Irena.* A saud do noso Rey,
 que toda España governa.
Cath. Po la saud da Parida,
 que nostro Señor lle dea
 moyta saude e permita,
 390 que outro Fillo logo teña.
 <7a>*Marta.* Po lo dito meus amigos.
Alb. Mais que po lo dito seja,
 que eu tamen quero brindar
 por todos desta maneyra.

395 *Bebe por la bota.*

- Todos.* Vitor o noso Filipe,
 vitor, viva a nosa Reyna.
Christ. Brabo sabe pola bota.
Alb. Homes sabe que sanea.
 400 *Afons.* Pois o pernil está bó.
Alb. Val vn dobròn da sesenta.
Irena. Deceme miña comadre
 o Berse, de que madeyra
 serà, para o noso Infante?
 405 *Cath.* De que pode ser de pierlas?
Marta. Serà de marfil ou prata.
Irena. Pode ser que douro seja,
 porque o ouro ja sabès,
 que astra os miniños alegre.
 410 *Afons.* Ora tratà de comer,
 e veñan as castañetas,
 que quero dar duas boltas
 o pandeyro e as ferreñas.

415 *Alb.* Pois bebamos outro trago
antes de empezar a festa.
Afons. Digo que tendes razon
e que todos juntos beban,
e que fagan outro brindis
420 a saud da nosa Reyna,
e do noso Rey Felipe
a que Santiago o defenda
de treydores e falsarios,
e o libre de tantas guerras.
Tod. Vaya, vaya po lo dito,
425 <7b> viva o noso Rey e Reyna,
e Deus nos garde o Infante
para ter nosa defensa.
Irena. Ora bèn já que brindamos
e comemos a merenda,
430 vnha cousa falta agora.
Afons. E pois que nos falta Irena?
Irena. O que falta meus amigos,
e que todos se preveñan
para fazer vun presente
435 o Fillo da nosa Reyna.
Cath. Tèn razon miña comadre,
eu quero ser a permeyra,
que lle ofrezo de contado
trinta netos de Manteyga,
440 catro Fayjas, seis Camisas
do meu Crarin moy ben feitas,
por que mas ha de fazer
Mingotiña a costureyra.
Irena. Vinte e cinco ducias Dobos
445 eu lle ofrezo, porque teñan
conque fazer os Formigos,
e de mel vnha caldeyra,
que os meus cobos e cortizos
teñen moy boas entenas;
450 porque sairon ogano
moytos enjames da bellas.
Marta. E pois eu tamèn lle ofrezo
duas ducias de regeyfas,

455 seis moletes, dèz galiñas,
que teño na capoeyra
e mais un par de capòs
que màn de dar quintafeyra.
Afons. Mulleres ja que vosoutras
fijestes vosas promessas,
460 tamèn e justo que nòs
<8a> fagamos nosas ofrendas.
Eu lle ofrezo seis carneyros
os mais millores da Aldea,
media ducia de cabirtos
465 que teño de boa medra,
e vinte e catro pichons,
porque son cousa moy tenra.
Christ. Eu treze moyos de viño
que ei dir catar a Ribeyra,
470 lle prometo moy gustoso,
que anque o Miniño non beba
os pajes poden beber
a honra de tanta festa.
Alb. E pois eu doze perdizes,
475 e de polos ducia e media
lle ei de lebar se Deus quer,
e se podo vnha Tenreyra,
por ser prato regalado
que se estima en calquer mesa.
480 <8b> *Afons.* E pois banse prevenindo,
e poñamonos en jerga,
para marchar a Madril
antes co imberno veña.
Alb. Permeyro vamos baylando.
485 *T[o]d.* E esso si, vaya de festa.

Tocan, danzan, y cantan lo siguiente.

Apostolo Santiago,
que bos achastes na guerra,
ajudad o noso Rey
490 pois que po la Fè pelea.
Taylalala, taylalala,

495 taylalala, taylalela.
 Miña Virgen do Portale
 assistì a nosa Reyna,
 para criar o seu Fillo
 para paz da nosa terra.

LAUS DEO, ET VIRG. MARIAE.

Hallarase en la misma Imprenta.